



## Concello de Ribeira de Piquín

### **BASES PARA A SELECCIÓN UN PEÓN FORESTAL, PARA OS TRABALLOS MECANIZADOS PARA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS, POLO PERÍODO DE TRES MESES PARA O CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN.**

#### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal para un peón forestal, para os traballos mecanizados na prevención e defensa contra incendios, polo período de tres meses, no marco do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ribeira de Piquín para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Os traballadores levarán a cabo labores de prevención contra incendios forestais, realizando traballos preventivos mecanizados sobre camiños e parcelas de titularidade municipal. Isto derívase tamén da necesidade de protección do medio ambiente e limpeza das faixas laterais das redes viarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

– Realizar as labores de prevención, que consistirán na roza, rareo e a eliminación de restos nos tres meses en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou disfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos.

– Mantemento das ferramentas e equipamento en perfecto estado de uso.

#### **2. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para ser admitidos nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.

2. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, debendo superar unha proba física de esforzo e un recoñecemento médico, para garantir as condicións de saúde para o traballo a realizar.

3. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.





## Concello de Ribeira de Piquín

4. Estar en posesión do carné de conducir B.

5. O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga1–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

6. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

7. Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

### 3. DURACIÓN

A contratación farase polo período de tres (3) meses, a xornada completa, baixo a modalidade de contratación laboral temporal por circunstancias da produción, consistindo este na prestación das tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais.

Deste xeito, a relación laboral rexerese pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais.

### 4. RETRIBUCIÓNS

▪ Peón forestal: 1.260,00 euros/brutos, incluída a parte proporcional das pagas extra.

### 5. PRESENTACIÓN E ACHEGA DE SOLICITUDES

Os interesados poderán presenta-las súas solicitudes, nas oficinas municipais no prazo de **5 días naturais**, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, en horario de 09:00 a 14:00 h.

No modelo que figura como Anexo I a estas bases, o aspirante fará constar que reúne os requisitos que se relacionan no punto 2, e achegará á solicitude a documentación que consta nesta base:

- Copia cotexada da titulación esixida
- Copia cotexada do título de galego
- Copia cotexada do D.N.I.
- Copia cotexada do carné de conducir, de ser necesario.





## Concello de Ribeira de Piquín

- Declaración responsable segundo Anexo II.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos..) debidamente cotexada.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose día inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira de Piquín ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante fax ao núm. 982.333.735 ou ben a través do correo electrónico [concello@ribeiradepiquin.es](mailto:concello@ribeiradepiquin.es). Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

Serán excluídas todas aquelas solicitudes que non remitiran este avance ao fax ou correo electrónico citados.

### 6.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

#### A) FASE DE CONCURSO:

Esta fase será previa á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

#### A1.-Experiencia profesional:

Por servizos prestados en postos equivalentes aos que se concorre na Administración Pública ou en empresas privadas: 0,05 puntos por cada trinta días de traballo, segundo informe de vida laboral, non puntuándose períodos fraccionados.

O tempo traballado a xornada parcial computarase ata acadar o 100% da xornada, segundo informe da vida laboral. En calquera caso, o cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.

Como máximo poderán alcanzarse por experiencia profesional un **máximo de 1 punto**. Acreditarase mediante certificación expedido polo Organismo ou entidade correspondente que permita avaliar o servizos prestados, ou mediante a presentación de copias dos contratos acompañados da vida laboral ou documento de fin de contrato. O tribunal non valorará aquelas contratacións onde non estivera fehacientemente acreditada a data de inicio e fin dos traballos efectivamente realizados.

#### A2.- Cursos de formación e perfeccionamento:





## Concello de Ribeira de Piquín

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, acreditados con certificación ou diploma, no que conste o número de horas da formación realizada, de acordo coa seguinte puntuación.

- Ata 20 horas de duración 0,25 puntos.
- Entre 21 e 60 horas de duración: 0,50 puntos.
- Entre 61 e 80 horas de duración: 0,75 puntos
- De 81 ou máis horas de duración 1,00 punto.

Como máximo poderán acadarse por formación profesional un **máximo de 1 punto**, para o cal presentárase certificación ou diploma expedido polo ente organizador ou impartidor do curso.

### **A3.-Antigüidade como desempregado dende o 2020 ata a actualidade:**

0,10 puntos por mes de antigüidade inscrito no Servizo Público de Emprego, ata un **máximo de 2 puntos**.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos, os meses de trinta días.

Acreditarase mediante certificación ou outro documento equivalente (tarxeta demandante de emprego/ informe de períodos de inscrición) expedido polo Organismo correspondente, que permita avaliar a mesma.

No suposto de períodos de desemprego interrompidos, e no caso de non acompañar na solicitude informe de vida laboral, deberase aportar informe de períodos de inscrición ós efectos de poder valorar a totalidade dos períodos de desemprego.

### **B) FASE DE OPOSICIÓN:**

Consistirá na realización dunha proba teórica e outra práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordados coa praza:

Primeiro exercicio de carácter teórico. Consistirá en contestar a un cuestionario tipo test con vinte preguntas, relacionadas cos coñecementos necesarios para o desempeño do posto de traballo ao cal se concorre (coñecementos sobre execución de traballos destinados á prevención de incendios forestais, realización de labores de desbroce, sobre prevención de riscos laborais, termo municipal etc..). Este exercicio será cualificado con unha **puntuación máxima de 6 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 3 puntos para superalo.**

Segundo exercicio. Consistirá na realización dunha proba práctica na que se valorará o coñecemento dos traballos a realizar.

A proba consistirá nunha actuación fixada pola comisión de valoración relacionada coas actividades de prevención de incendios forestais, manexo de conservación das ferramentas a empregar no posto de traballo. Esta proba será cualificada con unha **puntuación máxima de 4 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 2 puntos para superalo.**

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados nas dúas fases. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a





## Concello de Ribeira de Piquín

quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter práctico. Se persistira o empate, atenderase a quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter teórico. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo Tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados.

### 7. TRIBUNAL SELECCIONADOR.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, e da fase de oposición estará integrado polos seguintes membros:

- **Presidente:** Un funcionario ou empregado en réxime persoal laboral dunha administración local ou de outra administración.
- **Secretario:** O da Corporación ou funcionario en quen delegue.
- **Vogais:** O alcalde designará os seguintes:
  - Tres funcionarios ou empregados en réxime laboral dunha administración local ou de outra administración.

As persoas substitutas, de se-lo caso, serán nomeadas polo Sr. Alcalde no momento oportuno.

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercizo das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no artigo 24 da devandita Lei.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

### 8. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo dun (1) día hábil para reclamacións ou corrección de erros. O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará – no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as e citaraos para a realización da fase de oposición. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos





## Concello de Ribeira de Piquín

que non estean debidamente xustificados. Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección levaranse a cabo de acordo co establecido no art. 41 da Lei 39/2015. O ditaminado polo tribunal someterase á alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.

### 9. BOLSA DE TRABALLO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirán a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e a data de vixencia do Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2023.

### 10. CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

### 11. RECURSOS.

1.-As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.-Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

3.-Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, previo ao Contencioso - Administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios do concello (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa).

4.-No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; e o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario.

Ribeira de Piquín, 19 de xuño de 2023.

O alcalde

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





## Concello de Ribeira de Piquín

### ANEXO I- MODELO DE INSTANCIA

D./D<sup>a</sup>....., con DNI núm.  
....., número de teléfono....., con domicilio a  
estes efectos en .....,  
Teléfono..... e dirección de correo  
electrónico ....., expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria efectuada polo Concello de Ribeira de Piquín para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza de:

- Peón forestal

(Indicar cun X a que corresponda)

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.  
 Copia cotexada do título de galego.  
 Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.  
 Copia cotexada do carné de conducir.  
 Declaración responsable (anexo II).  
 Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En....., a ..... de.....de 2023.

O/A Solicitante

Asdo:.....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

### ANEXO II





## Concello de Ribeira de Piquín

### MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D<sup>a</sup>....., con DNI núm.  
....., número de teléfono....., con domicilio a  
estes efectos en .....,  
Teléfono..... e dirección de correo  
electrónico .....,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

—

convocada polo Concello de Ribeira de Piquín e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

En....., a ..... de.....de 2023.

O/A Solicitante

Asdo.:.....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

